

A COR DOS SINDICATOS

Una vez máis na rede, a CIG volve a atacar ao sindicato CC OO, por medio do presidente da Xunta de persoal e de Sergio Pajares, parcial e pretencioso analista da nosa realidade laboral. CC OO non é un sindicato amigo de crear polémicas estériles nin de utilizar a rede para entremeterse en asuntos que non lle competen. Máis, cando tan sinalados membros, do mencionado sindicato, din e escriben calculados embustes con teimuda asiduidade, é preciso contestarlle para desmontar a súa trama, urdida coa soa intención de facer dano e desviar á atención doutros asuntos que si son verdadeiramente importantes.

Primeiro, queremos sinalar que a Xunta de persoal non se merece un presidente que so sabe representar aos que lle son afíns. Unha cousa son as diferencias sindicais, e outra os ataques e os improprios que acostuma a realizar, o compañeiro, a cotío. Destas lindezas, unha das máis repetidas é referirse a CC OO como sindicato amarelo.

Vexamos se esta obsesión persoal do presidente ten un fundamento obxectivo. (Non vaia a ser o demo). Para comprobalo o primeiro que facemos e buscar unha definición dese termo. Por medio de google en Wikipedia atopamos a seguinte definición de **sindicato amarelo**: *aqueles sindicatos que sendo creados ou controlados polos empregadores responden aos intereses destes antes que aos dos traballadores*. Está ben, válenos esta definición que, non obstante é preciso adaptar ao noso medio. Como a nosa empresa é unha institución pública a figura máis próxima ao empregador é, sen dúbida, o xerente. Non consta que na Universidade de Vigo haxa ningún sindicato, que saibamos, controlado actualmente polo empregador, o que **SI** temos son sindicatos que comparten obxectivos coa xerencia, ou máis ben co xerente. Imos intentar probalo nos seguintes casos:

Caso nº1

Non o dicimos nós, estes días está en boca de moitos traballadores e traballadoras, o preacordo de convenio acadado entre a CIG + xerencia, en un claro exemplo de confabulación de intereses entre un sindicato e (permítasenos o palabro) a patronal, deixando de lado o sentir maioritario dos seus representados. Como proba sinalamos o vivido, antes, durante e despois do referendun.

Caso nº2

Sorprendentemente o último acordo entre a Xunta de persoal e o xerente coincide no tempo (28/12/2005) co momento no que o xerente se autofixou un salario de 80.000 €. Esta coincidencia puidera ser casual se non fora que na RPT que se aprobou no Consello de Goberno o 16 de marzo de 2006 ocultaba ese dato, aos membros dese órgano, aos do Consello Social e a comunidade universitaria e sociedade en xeral. Nese documento, en contra do que di a normativa legal (e o Consello de Contas), o salario do xerente e vicexerente no aparecía en ningures. Parece que o presidente da xunta de persoal vendeu a alma do colectivo a cambio do seu silencio e da reclasificación dalgúns niveis. Eran vésperas de eleccións sindicais e, atinadamente, calculaban que a suba dos niveis máis baixos lles ía conceder abondosos froitos electorais.

Caso nº 3

A supresión da praza da Cordinadora da Secretaría Xeral non foi unha esixencia sindical senón unha imposición de Manuel Castro para crear no seu lugar unha praza de Vicesecretario xeral co singularizado perfil de licenciado en dereito. Branco e en botella: leite. O xerente, que sabe que non vai a ocupar este cargo por moito tempo, aproveitou a ocasión para crearse unha praza a medida da súa ambición, a sabendas de que esa posto chegaría a ser de nivel 30, tal e como ocorre noutras universidade (nas que este cargo é de libre designación). A denuncia que CC OO fixo deste *pelotazo*, consentido polos que se chaman representantes dos traballadores, obrigou ao equipo de goberno, ante a escandalosa evidencia, a recuar dúas xuntas de goberno máis tarde. A CIG participou activamente na vendeta, Xan Cebro, e por ende a CIG, actuou de colaborador necesario para que o xerente puidera axustar contas coa Coordinadora da Secretaría Xeral.

Caso nº 4

A supresión dos servizos de persoal e recurso humanos, que se saiba, non foi nunca unha petición nin da asemblea xeral do PAS funcionario, nin dos sindicatos, nin tampouco do equipo de goberno. Novamente, aquí o xerente actuou coa única intención de desquitarse da afronta que sufriu no ano 1997 cando Andrés Trillo (o xerente daquela etapa) aprobou a escisión do servizo de persoal, que el dirixía, en servizo de recursos humanos e servizo de persoal, resolución que impugnou ata chegar ao mismísimo Tribunal Supremo.

Esta decisión, disfrazada pola CIG de grandioso acto democrático, foi urdida coa soa intención de pasarlles factura aos actuais xefes de servizo, por ter apoiado, naquel momento o referido cambio. [A Coordinadora da Secretaría Xeral nese ano ocupaba a xefatura da Sección de nóminas e polo tanto estaba tamén vinculada a esa área]. *Acto democrático*, que por certo foi acordado, e executado, sen ter en conta, nin os intereses dos traballadores e traballadoras vinculados a esas áreas, nin os informes dos seus responsables, nin sequera os resultados e recomendacións das avaliacións internas e externas ás que se someteron ambos servizos. Como é de todos sabido esta proposta non foi apoiada polos traballadores e traballadoras na asemblea do Campus de Vigo, lugar no que están fisicamente situados os servizos. Resumindo, de novo a CIG axudou a que o xerente, nun novo acto de prepotencia xusticeira, escarmentara, aos por eles tamén deostados, xefes de persoal e recursos humanos e colateralmente a todos os vinculados con eles.

Queda claro quen responde antes aos intereses do xerente (empregador) que aos dos traballadores?. Xulga ti mesmo/a e logo ponlle a cor que queiras ao sindicato que neste momento ten a maioría na Xunta de persoal.

Todos estes casos, estimados compañeiros e compañeiras, que están perfectamente documentados, e non obedecen a decisións obxectivamente fundamentadas e explicadas, ocorren na universidade na que traballas, co auspicio do sindicato ao que, ao mellor, lle deches a túa confianza. Non hai motivo sindical, nin pasado nin presente, que poida explicar semellantes actuacións. Se levas algúns anos na universidade, e coñeches a Xunta de persoal que presidiu CC OO, ou as anteriores, terás suficientes elementos de xuízo para xulgar e comparar a conducta dos que agora din que te representan, coa actuación dos que te representaron en etapas anteriores. Se por contra, só coñeches o goberno da actual CIG, pregámoste que fagas un esforzo por obter

información fundada e obxectiva. Non lles permitan, tampouco, que utilicen o teu apoio, en comandita cos designados políticos, nin para difamar, nin para insultar, nin para acosar, nin tomar represalias contra compañeiros e compañeiras vinculados, ou que vinculan, ao noso sindicato. Estas conductas non son propias da rivalidade sindical, nin buscan a mellora da institución na que traballas, o seu único fin é a vinganza e causar dano moral e físico a traballadores e traballadoras que, coma ti, acoden cada mañá ao seu posto de traballo a cumprir coas súas obrigas.

O único pecado que cometeu CC OO foi, no ano 1997, configurar listas electorais nas que estaban compañeiros e compañeiras relacionados coa xestión da universidade. O único pecado que cometeron os/as compañeiros/as de xestión foi escoller a CC OO como a súa opción preferente, en detrimento da CIG, sindicato que tamén lle propuxo entrar nas súas listas.

O resto é miseria humana, que si queredes entendela en vez de ir a calquera manual de actuación sindical é mellor que volvades a repasar no catecismo a lista dos pecados capitais.